

SR. DIRECTOR XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

ASUNTO: ALEGACIÓNS AO BORRADOR DE RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO ORDINARIO DOS CORPOS E ESCALAS DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En resposta ao borrador subministrado dende esa dirección xeral, a organización sindical SEPGA (Sindicato de Empleados/as Públicos de Galicia) tras a revisión por parte do cadro directivo así coma trala recepción de numerosas suxestións por parte de persoal funcionario dos corpos e escalas afectadas, formula en primeiro lugar unas consideracións de carácter xeral para situar o contexto das nosas alegacións e posteriormente alegacións de carácter concreto respecto de cada capítulo das bases.

OBSERVACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

En relación ás bases do concurso subministradas débese ter en conta cuestión tales coma:

Se dirixe a corpos e escalas especiais polo que as súas características en determinadas cuestións coma formación debe ser consideradas de outro xeito que por exemplo as de corpos xerais, debido á maior especificidade que require esta formación, menos xeneralista, e por outra banda non sempre ofrecida por organismos como os que se cita no capítulo II B3 senón que requiren dun criterio máis aberto.

En segundo lugar, a maior parte, por non dicir a totalidade de corpos e escalas as que vai dirixido se caracterizan porque fai moito tempo que non teñen concursos, xa que en moitos casos fai máis de dez e doce anos nos que non se celebran concursos ordinarios e aínda máis, hai corpos e escalas que nos derradeiros trinta anos tan só tiveron un concurso. Esta circunstancia unida a que moitas persoas que teñen superados procesos selectivos aínda se atopan en adscricións provisionais.

Ditas circunstancias caracterizan moitas situacións persoais, e incluso de escalas e corpos, nas que pensamos que a Dirección Xeral de Función Pública debe ter en conta nesta ocasión para dar satisfacción da forma máis axeitada a unha situación derivada das anteditas circunstancias e que require dunhas bases adaptadas que procuren emendar a problemática que nos atopamos.

ALEGACIONES

I REQUISITOS E OBRIGAS DE PARTICIPACION

1.-Atopámonos co tradicional principio de que **non se pode participar no concurso se non transcorreron dous anos dende que se accedera ao posto con carácter definitivo.**

Porén, atopamos situación de persoas que xa se atopan en postos con carácter definitivo, que non levan eses dous anos de rigor, pero que estiveron anteriormente moitos anos en situación de adscrición provisional, tras superar o proceso selectivo, debido a que non se celebraban concursos.

Nestes casos solicitamos que Función Pública considere que se poda concursar sempre que, aínda que non cumpran os dous anos, se estivera en situación de adscrición provisional máis de dous anos en adscrición e posteriormente se obtivera posto definitivo pero non acaden os dous anos, máis aínda tendo en conta que tras o concurso dos funcionarios virán os concursos das persoas que actualmente superaron os procesos, pero non teñen posto definitivo sumados ao persoal afectado pola lei 20/2021.

2.- Aínda que non se cita entendemos que poden concursar aquelas persoas que se atopan en **excedencia por coidado de menores, persoas maiores dependentes** etc. Independentemente de que non se teñan incorporado e se atopan nesa situación de excedencia no momento da convocatoria do concurso. Consideramos que se trata dun borrador e polo tanto este punto non foi incluído pero é consecuente coa lei 5/2021 de impulso demográfico de Galicia.

3.-Respecto do persoal citado no último parágrafo do punto a) entendemos que se debe ser coidadoso no tanto da valoración desta cuestión por causa precisamente de que tal vez tivera concursos na súa anterior situación e non prexudicar ao persoal funcionario de carreira que leva décadas sen concurso; así solicitamos que por parte de Función Pública se articule unha proposta dentro da legalidade que respectando dereitos, non afecte negativamente a persoal que dende que superou un proceso selectivo e tras anos obtivo un posto definitivo aínda non foi quen de concursar a pesar de levar nesa situación unha década ou máis.

III VALORACIÓN DE MÉRITOS

A1 Antigüidade:

Debido ao historial de concursos, nos que se dan casos de persoal que con case 30 anos de servizo ata a data de hoxe tan só poido concursar unha soa vez, a valoración da antigüidade de 7,5 puntos tal vez fora axeitada nun concurso de corpos xerais pero non nun concurso de escalas que levan tanto tempo e con tan pouca frecuencia nesta situación polo que solicitamos que se eleve a puntuación específica de forma significativa (cando menos ata 10 puntos con 0,025 puntos/mes).

A3 Traballo desenvolvido:

Consideramos ao igual que coa antigüidade que a puntuación deste apartado debe ser maior que os 3,5 puntos indicados. Propoñemos que non sexa menor de 5 puntos e se parta de 0,0015. (O destino en corpos e escalas especiais non comeza no nivel 10 senón que se debe iniciar no nivel 16, pero pode ser que por promoción interna se accedera a grupos A1 e A2 polo que consideramos que non afecta ao resultado).

Entendemos que tanto a valoración da antigüidade coma do traballo desenvolvido debe ser considerada dende o posto que se exerce coma posto definitivo e non dende un posto de comisión de servizos, pero en todo caso, alegamos esta circunstancia esperando que xa fora considerada así.

Outros méritos valorables. Méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo

Non se entende moi ben este apartado e como se articulará respecto dos distintos corpos e escalas polo que **solicitamos aclaracións ao respecto.**

Respecto do carné de conducir solicitamos a retirada deste punto xa que non se esixe para o acceso á Función Pública nin é función de ningún corpo o escala a condución de vehículos a non ser que se atope recoñecida e remunerada mediante o correspondente complemento de condución ou coma as propias bases o recoñecen cando sexa unha función propia da persoa á que se lle esixe o carné. Nesta cuestión se introduce un concepto ambiguo e discrecional coma “valorable”, do que non se especifica cómo, por quen e e por que, o que provoca unha situación de falla de definición xurídica.

Ademais a valoración de 0,75 puntos, case idéntica a da un doutorado nas bases subministradas entendemos que se atopa fora de lugar, por unha comparación das esixencias que require e do tempo que hai que empregar nun e outro caso.

Respecto do idioma a postura do SEPGA non plántea inconvenientes aínda que solicitamos que tamén se valoren os idiomas recoñecidos mediante o correspondente título oficial e homologado no apartado de méritos.

B3 Cursos de perfeccionamento

Como indicabamos nas observacións xerais, SEPGA entende que nunhas bases de corpos e escalas se debe afrontar a formación dun xeito específico, consubstancial co desenvolvemento profesional dos corpos e escalas que serven a administración e non dun xeito xeneralista como se denota no borrador.

Desta forma, é precisamente neste punto onde queremos facer un aporte importante tanto respecto do tipo de cursos, coma da valoración de outras actividades e da puntuación que se outorga.

Tamén nos parece de interese que se fomente a formación tendo en conta que precisamente pola administración autonómica recentemente se instauró a **carreira profesional que trata de recoñecer e mellorar a situación das persoas empregadas públicas tendo en conta a súa dedicación, servizo pero tamén a formación tanto a recibida coma a impartida, polo que solicitamos que este apartado incremente a súa puntuación que no borrador se indica coma de 5 puntos**

Respecto ao apartado que indica que “de non especificarse a o curso en concreto no anexo I, so se terán en conta os cursos realizados nos últimos *anos”**

Neste senso, SEPGA quere chamar a atención respecto aos anos a considerar as cuestión xerais que indicamos ao principio deste documento: a gran maioría das escalas leva moitos anos sen concurso. Hai corpos e escalas que nas ultimas tres décadas so tiveron un concurso; hai persoas funcionarias que a pesar de aprobar un procese selectivo fai case que 20 anos (exemplo 2005) aínda non participaron nun concurso excepto aquel polo que ingresaban na función pública para obter un posto definitivo polo que non puideron usar os cursos realizados para mellorar a súa situación administrativa, persoal que con 30 anos de servizo unicamente poido usar a súa formación nun só concurso ordinario etc.

De feito no último concurso de traslado de estatísticos e superior de finanzas non existiron límites temporais respecto dos cursos

Por todo isto SEPGA avoga por empregar un criterio moi amplo e respectar os cursos realizados dende fai moito tempo, incluso dende fai 30 anos, xa que como temos demostrado, non se ten abusado deles para participar e obter puntuación nun concurso.

Organismos que imparten os cursos a valorar.

Nun ámbito tan amplo e variado como as diversas escalas que se contemplan na Disposición adicional novena (Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia) da lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, non se pode restrinxir á EGAP, AGSAP e os outros dous organismos que se citan no borrador, porque a maior parte deles non se caracterizan por ofrecer una formación ampla e de calidade en temas específicos de coñecementos avanzados de tipo técnico, o que provoca que aquelas persoas interesadas en mellorar a súa formación deban realizalo en diversos organismos.

Propoñemos que tamén se admitan cursos impartidos por:

- cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estean homologados pola EGAP
- cursos impartidos por unha consellería da Xunta de Galicia
- cursos impartidos en entes instrumentais do artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xera e do sector público

autonómico de Galicia.

- cursos impartidos por algún ministerio da Administración xeral do Estado ou por universidades, institutos oficiais ou entes locais (concellos, deputacións provinciais, cabidos).

Así mesmo no ámbito da cada vez máis frecuente dixitalización de procesos a que se enfrontan as administracións públicas tamén se deben considerar cursos impartidos por AMTEGA, a certificación galega en competencias dixitais (xa sexa polo establecido no Decreto 123/2021, coma polo anteriormente vixente Decreto 218/2011 de Galicia).

Respecto dos cursos chama a atención, a pesar de ser permanentemente reclamado por asociacións, colectivos e organización sindicais que non se valoren determinados aspectos coma:

Docencia en cursos que son valorados coma formación para aqueles que os reciben e que porén non son valorados para aqueles funcionarios que os imparten. Non ten sentido que un nivel de formación como o que se debe acadar para poder impartir cursos, así como a labor que se realiza por estas persoas non sexa valorada en absoluto-

En liña co que se establece para o receptor de cursos, se propón que a hora de impartición sexa valorada para o que propoñemos unha escala deste tipo:

Docentes en cursos:

Por participación igual ou superior a 1 hora; 0,15 puntos

Por participación igual ou superior a 3 horas: 0,25

Por participación igual ou superior a 5 horas: 0,5

Por participación igual ou superior a 10 horas: 1 punto

Publicacións relacionadas coas funcións propias do corpo ou escala (libros artigos en revistas de prestixio, ponencias en congresos etc

Participación en tribunais para procesos de selección de persoal

Non se observa este punto, creemos que moi importante que **se recoñeza como mérito sexa no apartado de formación ou en calquera outro que se considere pertinente**, dado que supón unha importante actuación neses procesos para o que sen dúbida debería contar cun grao de preparación e formación. Deste xeito se recoñecería a labor destas persoas es se lles compensaría pola mesma, incentivando a participación nos tribunais por parte do persoal funcionario. **Propoñemos que a participación nun tribunal de selección do mesmo grupo se valore con 0,5 puntos e se é dun grupo inferior, con 0,3 puntos cando menos.**

B4 titulación académica

Neste punto se produce sempre unha situación que podemos cualificar de paradóxica xa que

SINDICATO DE EMPREGADOS PÚBLICOS DE GALICIA.

sindicato-sepga@xunta.gal

cuestións que requiren tanto esforzo e preparación como son licenciaturas, master, graos doutorados etc. apenas son recoñecidas como importantes

Así que unha licenciatura puntúe 0,8 puntos (igual que un curso de 80 horas segundo o borrador) ou que un título de doutor que é unha formación de alto nivel, acade un punto non parece admisible para valorar a un persoal cualificado dunha administración.

Neste ámbito propoñemos:

Mellorar significativa mente as puntuacións das titulacións de tal xeito que un master o grao acaden cando menos 0,8 puntos, unha diplomatura 1,5 puntos, unha titulación 2 puntos e o grao de doutor 2,5 puntos.

Introducir a formación profesional nos baremos de concursos se fora pertinente.

Introducir formación académica como cursos de pos grao impartidos por universidades

Respecto da valoración das titulacións e a súa organización para este tipo de normativas relacionadas con concursos, se propón que se adopte o Sistema MECES

Adaptar as titulacións universitarias ao establecido no EEES (Espazo Europeo de Educación Superior), segundo establece o Real Decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES).

Dita adaptación implicaría, a efectos de valoración, engadir unha categoría intermedia para os técnicos superiores (MECES nivel 1), e establecer os graos (Meces nivel 2), os masters universitarios oficiais ou equivalentes, (non títulos propios nin outro tipo de cursos con esas denominacións (MECES nivel 3) e o doutorado (MECES nivel 4).

A consulta de títulos universitarios oficiais pode facerse, por calquera das vías habituais, ante o Ministerio de Educación.

Consulta no RUCT (Rexistro de Universidades, Centros e Títulos), Aquí se poden consultar os títulos universitarios oficiais:

<https://www.educacion.gob.es/ruct/home>

Consulta dos títulos universitarios oficiais españois dos que unha persoa é titular.

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/997950.html>

Mediante este método, se adapta á realidade actual e se elimina a incongruencia nas bases da existencia de graos de valoración de diplomados, enxeñeiros técnicos ou graos e por outra banda de licenciados, arquitectos, enxeñeiros, grao ou equivalente.

As correspondencias das titulacións oficiais “pre-Bolonia” están xa establecidas por normativa, sen necesidade de improvisar, e se teñen en conta a estrutura de titulacións actualmente en vigor.

Referencia á páxina do Ministerio de Educación

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Listado de titulacións oficiais “pre-Bolonia” e a súa correspondencia MECES.

<https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:ee2afa09-0522-4c8f-af2b-f5ac23c34574/meces-indice.pdf>

Listado de certificados MECES por titulación

<https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:fde27955-39a2-4cdf-9275-caa35ee7b89c/certificadosmecesportitulacion-firmado.pdf>

Artigo 4. Estrutura do MECES.

O Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior estrutúrase en catro niveis coa seguinte denominación para cada un deles:

1. Nivel 1: Técnico Superior.
2. Nivel 2: Grao.
3. Nivel 3: Máster.
4. Nivel 4: Doutor.

Os catros niveis do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior Correspóndense cos seguintes niveis do Marco Europeo de Cualificacións:

1. O nivel 1 (Técnico Superior) do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior correspóndese co nivel 5 do Marco Europeo de Cualificacións.
2. O nivel 2 (Grao) do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior correspóndese co nivel 6 do Marco Europeo de Cualificacións.
3. O nivel 3 (Máster) do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior correspóndese co nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións.
4. O nivel 4 (Doutor) do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior correspóndese co nivel 8 do Marco Europeo de Cualificacións

B5 Tempo transcorrido dende o último posto obtido con carácter definitivo e medidas de conciliación e igualdade de xénero.

Debido ao tempo transcorrido sen concursos, en primeiro lugar **solicitamos que se separen ambos conceptos e cada un deles teña a puntuación** que se estableza sen indicar límites de puntuación compartidos.

Así solicitamos que o tempo de permanencia sexa de 2 puntos cunha valoración por mes de 0,02, e a de medidas de conciliación 5.2.1 e 5.2.2 se manteñan tal e como están, cunha modificación no punto 5.2.3, no de que dado o tempo transcorrido sen concursos o persoal funcionario que gozase dunha excedencia por coidado de fillos ou familiares se considere un prazo máis amplo de 5 anos e prolongalo a un prazo de cando menos 12 anos.

Tamén solicitamos que non se considere o establecido no punto 5.2.4 coa redacción do borrador (concellos limítrofes) senón que se **estenda a un radio de proximidade concordante coas actuais medios de comunicación e que favoreza a fixación de persoas en ámbitos do rural** (ademais pode darse a circunstancia de que alguén que viva nun concello non limítrofe en realidade se atope máis cerca que unha persoa que viva nun limítrofe). **En concordancia co estipulado no punto VI.2 se propón un radio de 30 km.**

VI SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTO DE TRABAJO

Apartado 2

Entendemos que a redacción deste punto non é conforme co artigo 97.5 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia que indica:

5. O persoal funcionario de carreira que se encontre ao dispor do órgano competente ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos situados en localidades que se atopen á distancia que se determine regulamentariamente da localidade do último posto que ocupou con carácter definitivo ou, á súa elección, da localidade do posto a que estea adscrito provisionalmente.

En consecuencia, solicitamos se rectifique esta cuestión e se axuste estritamente á Lei 2/2015, se elimine o parágrafo que figura no borrador subministrado no que se indica unha serie de localidades concretas e que pode significar unha mobilidade forzosa e de carácter non axustado á norma.

Apartado 3

Valoramos positivamente a circunstancia de que se poda solicitar postos combinando e intercalando na orde de preferencia postos concretos con resultas potenciais, cuestión que favorece á persoa funcionaria e que pode ser abordada mediante axeitados medios informáticos.

Finalmente consideramos que se debería facilitar no seu momento unha especie de titorial relativo ás aplicacións informáticas que van a ordenar o método de presentación de solicitudes de participación e posteriormente de elección de posto de traballo, así como **facilitar o método de presentación de méritos vía electrónica, axudar a realizar os distintos procesos contemplados no borrador etc.**

Tamén, para evitar mal entendidos, débese, ademais de contemplar en norma, **dar publicidade a cuestións interesantes coma a posibilidade de renuncia da solicitude de participación en calquera momento ata os dez días seguintes ao de publicación das puntuacións provisionais**, cuestión interesante tamén para os posibles concursantes.

Convén clarexar, dadas as dúbidas que teñen xurdido respecto a quen vai concursar, que os vai facer nun principio etc cuestións coma:

Considerar e avaliar aquelas profesións nas que existan postos con titulacións compartidas xa que poden darse escalas ou corpos que en principio non parecen estar afectados pero podería ser que tiveran este tipo de postos o que se traduciría nun prexuízo para este persoal.

Intentar, na medida do posible e con carácter orientativo, **un cronograma acerca dos prazos que se prevén para o concurso dos distintos corpos e escalas que se verán implicados nestes concursos.**

COMITÉ EXECUTIVO SEPGA.